

FUNCÍONS DA LITERATURA

A pregunta que nos plantea este traballo é a mesma que leva por título: ¿cal é a función da literatura?, a partir da cal xorden outra serie de preguntas como: ¿cambia a función da literatura nas distintas épocas ou movementos?, ¿vai vinculada a función da literatura á natureza da mesma?, ¿é o autor quen marca a función?...

A estas e outras cuestións daremos resposta ó longo deste pequeno estudio.

En primeiro lugar, deberíamos ter claro que función e natureza (esencia) son dous conceptos totalmente diferentes, pero que van intimamente ligados, tanto na literatura coma noutra ciencia, obxecto, etc.; é dicir, calquera cousa está feita nun principio para cumprir unha determinada función, poñamos, por exemplo, unha radio antiga ou unha máquina de coser que pasaron a ser utilizadas como elementos decorativos aínda que non foran creados para ese fin.

Aclarada esta diferenza, poderíamos facer un percorrido mental polos distintos movementos ou épocas ata hoxe e darnos conta, así, de que a función da literatura nestes movementos corresponden a dous conceptos: imitatio e inventatio, imitación da Antigüedad Clásica, ou renovación e creación.

Poderíamos falar aquí do filósofo grego Aristóteles e o seu concepto de mímesis, que consideraba a literatura nace polo afán imitador do home, en contraste co pensamento romántico, que consideraba á obra literaria como creación, aínda que realmente non exista esta creación, dado que a literatura non se crea desde a nada porque sempre existe un parecido ou unha referencia coa realidade.

-1-

FUNCÍONS DA LITERATURA

Se retrocedemos no tempo ata o ano 65 a. C. e nos situamos no lugar que foi a cuna da arte (Grecia), atoparémonos con infinidade de autores e artistas, sobre os que destaca Horacio Flacco por expór as súas ideas sobre as funcións da literatura, para el era un enfrontamento entre ensinar e deleitar, entre o útil e o dulce, unha dualidade docere-delectare.

Por útil entendemos aquilo que serve para algo, e o dulce equivale ó que se recompensa por sí mesmo.

Sabemos que en Grecia a literatura estaba moi vinculada ó labor educativo, polo que quizais destacaría a función de ensinar sobre a de deleitar, aínda que esta segunda función estaría tamén moi presente.

Como excepción a toda regra aparece Platón, que defende a finalidade didáctico-moral da literatura e descarta ou rexeita os efectos prazenteiros da arte por consideralos secundarios e sen utilidade.

Pero para que realmente unha obra literaria funcione ben debería constar de ámbalas dúas funcións e, ademais, que as dúas se fundan perfectamente, é dicir, en calquera das épocas da historia unha obra literaria debe ter as dúas funcións para que conste como tal.

Tamén ó longo da historia quedou aclarado que a literatura ten unha utilidade na vida do home, e esta utilidade sería un coñecemento, pero non entendido como o coñecemento que dá a ciencia ou a historia, senón como un coñecemento superior onde se funden diferentes ideas: tanto de historia como de filosofía, de subxectivismo (imaxinación), como de calquera outra ciencia, e que consta, ademais, doutra utilidade que non posúe ningunha outra: deleitar ou embelecer o que se nos di.

FUNCIONES DA LITERATURA

Pero o escritor non debe pensar que o seu papel é o de ensinar ou comunicar un coñecemento, senón o de facernos percibir algo: un sentimento, unha emoción, unha idea ... Así, a obra literaria constaría dunha terceira función: unha función propagandística ou persuasiva que non nola dá a obra en sí, senón o autor. Isto quere dicir que o autor fainos ver ou sentir algo que nos é alleo, e faino escondendo esa idea baixo a beleza do texto.

Ás xa citadas funcións de ensinar, deleitar e transmitir, engadiremos a de liberar: liberar ó escritor dunhas emocións oprimidas que plasma no papel, e liberar ó lector dos seus problemas cotiáns sumerxíndose nesa lectura.

Agora pasaremos a falar das funcións da literatura en cada época ou movemento en concreto:

- Época clásica: Platón e Aristóteles.
- Escritores romanos.
- Idade Media.
- Renacemento.
- Barroco.
- Romanticismo.
- As Vangardas.
- Teorías do século xx.

FUNCIONES DA LITERATURA

Época clásica: Platón e Aristóteles.

Diversos autores están divididos nos pareceres que cada un sinala sobre a función da literatura; así, algúns fundamentan que a poesía é arte imitadora, tendo o mesmo fin ca outras artes como a pintura; e outros defenden que a poesía é só puro deleite.

Ó longo da historia o termo imitación adquiriu pluralidade de significados. Aínda nos nosos días atopamos escritores de teoría literaria onde non deducimos en qué sentido está tratando o autor a imitación ou mímese.

Imitatio, en latín, é unha tradución do termo grego mímese; aínda que parece que ésta última sempre tivo unha connotación dramática, teatral. O que descoñecemos é se antes de Platón se desenrolara algunha doutrina sobre este concepto. O que sí sabemos é que xa en Demócrito aparece a idea da arte como imitación da natureza.

O canto paxaros

Imitatio

Pero a primeira vez que se desenvolve ou desenrola a mímese como obxecto de estudio (dun modo crítico) é en Platón, se se quere puntualizar, na República.

Platón plantexa xa o problema da literatura como coñecemento, e dí que a poesía proporciona unha copia, unha imitación, que reflexa sen dúbida a imaxe das ideas; quere dicir que a poesía é unha imitación de imitacións. Oponse, así, á filosofía, que parte dos obxectos e ascende cara as Ideas, realidade fundamental.

Finalmente, Platón conclúe que a mímese poética resultaría unha aporía, xa que non alcanzaría a verdade.

–4–

FUNCÍONS DA LITERATURA

Pola outra banda, o concepto aristotélico de imitación da natureza é complexo e tremendamente sutil. Tenta, desde un punto de vista estético, concordar as proporcións da natureza e a arte que, de feito, existen na creación poética. A arte imita a natureza nas formas particulares, é dicir, na plasmación individual dos universais.

En Aristóteles a definición da poesía como arte imitativa (mímese) ven directamente de Platón, xa que foi o seu estreito colaborador.

O concepto de imitación ou representación non equivale á simple reprodución ou copia. A imitación non se opón á imaxinación, se non que é a súa forma de dicir que a poesía é un tipo especial de acto creativo; oponse ó fantástico, ó imposible. Aristóteles dí que se escribe máis do universal que do particular (nisto difire a poesía da historia).

A universalidade da poesía está situada dentro da análise detallada de Aristóteles sobre a traxedia, e é parte da súa poética. Aquí tamén nos atopamos coa katharse como función da literatura. Este é un problema que destaca en Aristóteles: na súa Poética defende que a función propia da poesía é o pracer, un pracer puro, limpo, é un proceso de purgación.

A catarse da literatura non volveu ser obxecto de estudio ata o século XVI, onde diversos estudiosos se interesaron pola poética de Aristóteles.

–5–

FUNCÍONS DA LITERATURA

Escritores romanos.

Os escritores romanos tamén trataron sobre a imitación, ocuparémonos dos que máis sobresaen e dos que terán maior repercusión no tempo, son catro: Cicerón, Séneca, Horacio e Quintiliano, e as súas teses sobre a imitación foron recuperadas:

Cicerón: a súa tese foi desenrolada no Diálogo do orador, aquí expón as súas regras sobre a elección dun modelo e os métodos para imitar este modelo.

Séneca: propón unha imitación creadora e persoal ó mesmo tempo; a idea do imitado debe parecerse ó modelo, como un fillo ó seu pai.

Horacio: reflexiona sobre a necesidade de que o poeta defenda a súa grandeza fronte ós malos imitadores.

Quintiliano: advirte que a imitación non só é útil, senón necesaria para a elocuencia.

Idade Media.

Na Idade Media producíronse múltiples e importantes reflexións sobre os problemas da beleza e a interpretación dos textos con ampla transcendencia no pensamento literario.

A crise da cultura humanista do Imperio romano (desplazamento por ideoloxías anteriores con Platón e Aristóteles, simbiose entre as últimas teorías gregas, etc., serán responsables, aínda que indirectamente, do novo papel que os textos poéticos van desempeñar ó longo da Idade Media. Así, na antigüidade é onde atopamos os precedentes desta actitude medieval.

FUNCÍONS DA LITERATURA

As primeiras hipóteses marcarán o devir da arte e a teorización poéticas nos séculos posteriores.

A baixa Idade Media é un período menos escuro e de transición cara unha nova actitude fronte o poético.

Aínda así, o que nos explicaría a grave ausencia en materia de teoría literaria sería o carácter oral que tivo a literatura neste período.

No século XII comezan a fixarse os elementos que contribuirán á formación da idea de literatura: a escritura sobreponse de novo á voz.

Finalmente, neste século tamén se empeza a recupera-lo saber poético, feito importantísimo o redescubrimento da Poética de Aristóteles.

Na baixa Idade Media hai un conflito na clasificación dos discursos; entrando nas cuestións estéticas:

- Discursos poéticos: imitación dos antigos.
- Discursos eternos: aut docere aut delectare.

Así, atopamos como na poética medieval o rasgo caracterizador da poesía non é a inspiración divina de Platón, nin a mímese aristotélica; xa que só o discurso composto de acordo coas regras merecerá o calificativo de poético.

Marcábanse, así, uns límites:

Poesía artesanía ligada ás regras beleza.

Nos séculos posteriores tentábase libera-la poesía destes límites, como xa veremos.

FUNCÍONS DA LITERATURA

Como xa sabemos, a resposta que intentamos dar á pregunta que se nos plantexa neste traballo (¿qué funcións ou que finalidades cumpre a literatura?) foi variando ó longo do tempo segundo as diversas épocas e correntes que se sucederon na historia.

Tras ve-las funcións que desempeña a literatura na época clásica e na Idade Media, trataremos agora de analiza-las funcións literarias en outras tres épocas diferentes: o Renacemento, o Barroco e o Romanticismo.

Xa falamos no anterior traballo do carácter autónomo que posúe a literatura, ademais, ten uns valores propios e trátase dunha actividade independente da moral ou da filosofía, pero isto tardou bastante tempo en ser así. De feito, esta conciencia de considera-la literatura como algo autónomo só alcanza a forza suficiente a partir da segunda metade do século XVIII, no Romanticismo, época na que se lle dá unha grande importancia á cuestión da finalidade da arte e, polo tanto, da literatura, coa figura de Kant, entre outros; pero disto xa falaremos máis adiante. Agora comentaremos a etapa renacentista e os valores que a literatura adquiriu nela.

O Renacemento segue á escura Idade Media, e comprende os séculos XV e XVI. Co Renacemento vólvese de novo á etapa clásica greco-latina, na que se producira, segundo os renacentistas, as máximas manifestacións artísticas e culturais. Se tiveramos que resaltar un rasgo característico do Renacemento, sería a espiritualidade; o home posúe dúas naturezas: a do corpo e a da mente, naturezas ámbalas dúas ben distintas e separadas. Ademais, o mundo debe ser gozado, debe ser investigado e, sobre todo, conquistado racionalmente.

Dentro do Renacemento o movemento cultural máis característico é o Humanismo, co que se afirma a posición central que o home ocupa no cosmos. O Humanismo, debido a un cambio mental, descobre no mundo clásico un pensamento, unha arte e unha literatura centrados no humano; de feito, esta corrente supuxo un auténtico movemento liberador do home.

Xa quedou dito anteriormente o problema da catarse aristotélica como finalidade literaria na Idade clásica; pois ben, esta cuestión non volveu cobrar importancia ata o século XVI, que coincide co Renacemento tardío. Hai, por outra banda, unha vontade de dar resposta ó problema das relacións entre os valores literarios e os valores morais, que a estética renacentista descoidara. A literatura renacentista evita o compromiso coa historia, coa realidade na que viven inmersos, resolvendo o problema moral con búsquedas formais. No Renacemento aparecen dúas interpretacións do concepto aristotélico de catarse:

- interpretación moralista
- interpretación mitridiática.

Na primeira interpretación, a moralista, aparece Maggi, segundo o cal a purificación debería consistir na substitución das paixóns viciosas, como a luxuria, ou a avaricia, por sentimentos alimentados da caridade cristiá. Esta interpretación é unha boa mostra da búsqueda ansiosa dunha moralización da literaturana época.

Escaligero leva esta moralización ó extremo. Para el, a literatura non se trataba dunha imitación do ser ou dos caracteres dos homes, como decía Aristóteles, senón que a imitación dáse nos estados da alma.

Esta interpretación moralista da catarse, conduce, no século XVIII, a un concepto sentimentalista da mesma, identificada cunha lección moral.

A interpretación mitridiática, que se parece máis ó que Aristóteles defendía, insiste na clarificación racional das paixóns pola poesía trágica, pois o espectador, ó ve-las desgracias que sen razón acontecen ós outros, teme que lle poidan acontecer tamén a el, decátase de cómo está suxeito á infelicidade e prepara o espírito dacordo con tal estado de cousas. Finalmente, cómpre dicir que, a catarse non se confunde coa evasión, a evasión é fuga e olvido, e tenta eludi-los problemas, mentres que a catarse asume a dor e a fatalidade ás que o home se enfrenta.

Damos paso agora á seguinte etapa deste percorrido: o Barroco. Se a principal característica do Renacemento era o idealismo, a do Barroco será o desengano. O Renacemento supuxo unha confianza no home, un entusiasmo ante a natureza e un ilusionados desexos de vivir; e no Barroco atopámonos co desengano, un vitalismo frustrado. Ademais, caracterízase, este movemento, pola brevidade e a inconsistencia da vida, ou pola obsesión polo tempo e, sobre todo, pola morte. A arte é como a arte que é. Tamén a literatura do Barroco responde a unha estética da intensidade; o seu obxectivo é excitar e, ante todo, conmover.

Chegamos agora ó Romanticismo (s. XVIII). Este non é unha simple corrente literaria, senón un amplo movemento que abranguiu os máis diversos sectores da cultura da vida europeas. É o produto dunha fonda crise da base social e política, e as súas manifestacións van desde o ideolóxico ó estético.

No social e no político é unha protesta contra o mundo burgués, produto dunha fonda insatisfacción ante os valores impostos polo triunfo da burguesía. Pero a crise do Romanticismo é, ante todo, vital. O romántico aparécesenos como un home disconforme, angustiado por unha sociedade que non satisface; no ideolóxico supón unha crise do racionalismo e xorde un novo espírito; no estético busca o dinamismo, a intensidade expresiva, a forza sentimental, ademais de darlle entrada ó irracional e ó misterioso. O romántico reclama unha total liberdade para volcarse na súa creación.

Feito este pequeno comentario sobre o Romanticismo, retrocedamos un pouco no traballo, cando falabamos de que só a partir do século XVIII se lle comezaba a dar importancia ó feito de considerar á literatura como algo autónomo, e a ter en conta tamén a finalidade da literatura coa figura de Kant... Agora, engadimos que Kant difundiu estas ideas, sobre todo, na súa obra Crítica do Xuicio, onde se ocupa deste tema e que terá unha grande influencia nas teorías posteriores.

O Romanticismo, por considerar á literatura e á arte en xeral como o único coñecemento que pode revelar ó home o infinito, os misterios do sobrenatural e os enigmas da vida, daba unha xustificación total ao fenómeno estético. A idea da obra de arte como mundo autónomo e exento de propósitos alleos a ela mesma, xorde en Shelling e en Hegel. A arte pola arte está relacionada cos románticos alemáns e cos seguidores de Kant e de Shelling. En Francia, as teorías da arte pola arte e a súa autonomía foron difundidos nun principio polos membros da chamada filosofía ecléctica.

Cousin, un dos seus representantes, afirma que a beleza é independente da moral e da relixión e di textualmente: o artista é ante todo artista, e di que a obra non pode cumprir ningún fin social, relixioso, político, etc. A mediados do século XIX autores como Baudelaire e Flaubert defenden eses principios que os sectores románticos defendían. O decadentismo de finais do s. XIX supón unha volta radical ós ideais da arte pola arte.

Esas teorías espalláronse por Europa e incluso por América, e, así, Allan Poe considera á beleza como o pracer máis puro e máis elevado de todos, e sostén que a beleza é a obriga do poema, pero todas estas ideas que se difundiron co principio da arte pola arte, como por exemplo a autonomía da literatura ou o feito de que a literatura debe realizar, ante todo, valores estéticos, puido traer, ás veces, serias consecuencias para o fenómeno literario.

Cambiando lixeiramente de tema, cómpre dicir que só co Romanticismo e a época contemporánea vólvese a ter en conta a cuestión da literatura como coñecemento. Na estética romántica a poesía é concebida como a única vía de coñecemento da realidade do ser, aínda que outros estudiosos non estean de acordo con eles, e digan xustamente o contrario, que a literatura constitúe un dominio totalmente alleo ó coñecemento.

CONCLUSIÓN

Como conclusión persoal deste traballo, despois de observa-las distintas funcións da literatura ó longo das épocas, nós pensamos que todas esas funcións máis secundarias como son a función moral, a función social, a relacionante..., están subordinadas a outras dúas funcións máis primordiais: a función estética (deleitar): arte pola arte, a beleza pola beleza; e a función pedagóxica (ensinar); aínda que nós creamos que esta segunda función, a pedagóxica, forma parte da primeira, posto que na literatura existe a función de deleitar, que podería á súa vez dividirse en dous subapartados:

- deleitar por deleitar (arte pola arte)
- deleitar ensinando.

Centrarémonos nesta última parte do traballo nas funcións que desempeña a literatura nas Vangardas europeas e nas teorías do século XX (marxismo, formalismo ruso). Pero antes de comezar a falar de cada un dos movementos en concreto, daremos unha definición aproximada do que se considera vangarda.

As Vangardas son unha serie de movementos artísticos, literarios e culturais (–ISMOS), que se recollen baixo este nome que os caracteriza, a cada un dos movementos concretos, por teren en común estes obxectivos: remover, incitar e polemizar.

Son, polo tanto, a testemuña dun espírito, dun estado de ánimo ardente, é dicir, o espello dun tempo. Son, tamén, uns movementos de choque, de ruptura e apertura ó mesmo tempo.

Faremos, agora, un pequeno esquema dos movementos vangardistas máis relevantes por orde cronolóxica:

- Cubismo (1906)
- Futurismo (1909)
- Expresionismo (1910)
- Imaxinismo (1914)
- Dadaísmo (1916)
- Ultraísmo (1919)
- Surrealismo (1924)
- Personalismo (1932).

Ademais destes, existen outros de menor importancia, como son: Purismo, Constructivismo, Neoplasticismo, Abstractivismo, Babelismo, Zenitismo, Simultaneísmo, Suprematismo, Primitivismo, Parlirismo.

–13–

FUNCÍONS DA LITERATURA

Cubismo (1906)

- Reivindicación da autonomía absoluta da obra. O poema enténdese como obxecto en sí mesmo. Iníciase un proceso de búsqueda do propiamente artístico.
- Exaltación de determinado sentimento de modernidade, que se manifesta a través do cosmopolitismo.
- Incorporación do elemento de humor a través de xogos verbais.
- Aparece o elemento antisentimentalista e prosaísta.

Futurismo (1909)

- Ruptura naturalista. Pretenden mostrar unha realidade en pleno movemento.
- Exaltación da intuición e do sensualismo fronte á intelixencia; primacía do viril fronte ó feminino; revalorización do nacionalismo, patriotismo, militarismo e a guerra.
- É o primeiro en afirma-los límites da literatura.

Expresionismo (1910)

- Nace como reacción a algo e pode definirse por oposición a algo. Rechazo da estética naturalista (impresionismo).
- Non interesa o reflexo da realidade inmediata. A arte non será retrato, senón creación, realidade en sí mesma. Ten o seu fundamento na subxectividade do creador. É un movemento de carácter egocentrista e humanitarista.
- O seu obxecto é a captación da esencia espiritual da realidade, soamente perceptible desde a angustia e unha concepción atormentada da vida.

Dadaísmo (1916)

- Dadá non se declara literario ou artístico, senón unha fórmula para vivir.
- Pretendeu mediante a ironía e o irracionalismo, o azar e a intuición, acabar coa cultura e a arte tradicionais.
- Búsqueda do fantástico.
- O dadaísmo literario tradúcese na actividade panfletaria.

Ultraísmo (1919)

- Rechaza o Romanticismo.
- Propugna unha lírica obxectiva e máis depurada, reducida o seu elemento primordial: a metáfora.

Surrealismo (1924)

- Recorre ós dous sentimentais por excelencia: a crueldade e o humor.
- Crerá na posibilidade dunha unión entre revolución social marxista e a mental surrealista.

Todos estes movementos teñen características afíns, como: a ruptura co pasado naturalista e romántico, defenden a autonomía da literatura...

Estas literaturas vangardistas darán paso a outras teorías literarias, xa afincadas no século XX, nas que influirán, nalgúns máis que noutras, dun xeito considerable.

Despois de analiza-los movementos vangardistas europeos máis relevantes, damos paso agora ás teorías literarias máis destacadas do século XX.

A tendencia dominante dentro da diversidade das teorías literarias do noso tempo, foi a de abandona-la tradición e o romántico de que o obxectivo supremo do crítico é axudar a coñecer mellor ó autor , agora tendeu a destrona-loautor para atender á mesma obra, ó texto.

Nomeamos agora as escolas máis importantes que despois analizaremos máis detidamente: formalismo ruso, estruturalismo francés, a psicoanalítica, a teoría marxista, o New Criticism.

Empezamos a falar do New Criticism norteamericano, que surge a partir de Eliot e Richards contra as tendencias contextualizadoras e sociais da crítica nos rosados anos trinta.

Ransom e Tate, considerados como os líderes desta escola, extremaban o close reading (ler concentrando) do texto, deixando fóra a existencia do mundo real, coa súa complexidade histórica e social, para atender ó mundo do poema.

O New Criticism implicaba un discreto vitalismo naturalista e conservador.

Pasamos a describir agora a teoría psicoanalista de Freud, que concentra a súa atención no lector e xa non tanto no autor.

Sen embargo, para a teoría marxista a literatura é a expresión da capacidade creadora do home por medio da linguaxe. E esta capacidade creadora é vista como algo digno e positivo, sempre que esta capacidade do home idealista contribuíra ó progreso da humanidade. Esta teoría conclúe coa idea de que a literatura é un dos medios para alcanza-la revolución.

Cerrando xa este apartado sobre as teorías literarias contemporáneas, cabería citar aquí ó formalismo ruso.

Este movemento sofre unha transformación ó longo da súa existencia que pasa por destrona-la literatura e considerala algo secundario, esta só tería unha función estética considerada pouco útil para unha sociedade en

constante evolución.